

Discursos parlamentarios de Montero Ríos na restauración borbónica (1874-1923)

Margarita Barral Martínez; Emilia García López

EGAP, Santiago, 1999

A presente obra é a continuación da publicada hai un tempo pola EGAP (*Discursos parlamentarios de Montero Ríos no sexenio democrático (1868-1873)*), que xa foi comentada por nós nestas mesmas páxinas. Ámbolos dous volumes forman parte dun proxecto de investigación dirixido por Ramón Villares e titulado «Montero Ríos e o seu tempo», encamiñado a resucita-la figura do gran político galego, un tanto esquecido pese á importancia que tivo no seu tempo. Don Eugenio Montero Ríos (1832-1914) é un dos políticos relevantes do século XIX e do cambio finisecular en España.

A obra está concibida dun xeito semellante á anterior entrega: un capítulo biográfico sobre Montero Ríos; un comentario ós seus discursos pronunciados no Congreso e Senado, con estudio do seu contexto histórico; unhas notas biográficas sobre os deputados e senadores que protagonizan os discursos de Montero e o groso da obra, que é unha selección dos seus discursos máis significativos.

A obra recolle discursos pronunciados entre 1883 e 1909. Quizais aquí haberíalle que facer unha crítica ó título do libro, xa que as datas deste (1874-1923) non se corresponden coas datas nas que foron pronunciados os discursos. Sen dúbida as autoras quixeron facer fincapé na cronoloxía da Restauración, pero nunha obra dedicada a Montero débese respecta-la súa propia cronoloxía e como se sabe este morreu antes da fin da Restauración.

Montero Ríos foi definido como «home do sexenio», querendo significalo seu protagonismo nesta etapa da historia contemporánea española. No importante labor legislativo realizado nos dous primeiros anos do sexenio destaca o traballo de sistematización que desenvolve Montero. Amadeo I reina en España entre 1871 e 1873. Como sinalan as autoras, no que se refire a Montero «o seu modelo de réxime político simbolizábo na monarquía democrática de Amadeo I». Unha vez caído Amadeo e ata 1881 Montero Ríos mantívose illado da vida política. Pasa silandeiamente durante a curta e convulsa I República (1873) e non acepta a monarquía de Alfonso XII nos seus primeiros anos, polo que chega a rexeita-la Constitución de 1876. O golpe de Pavía de principios de 1874 dá paso ó xeneral Serrano como xefe do Estado. Este axitado período termina o 29 de decembro de 1874 co pronunciamento de Martínez Campos e a proclamación do príncipe Alfonso de Borbón como rei de España (1875-1885).


Aínda que Montero destacou no sexenio, como dicíamos, a súa maior proxección política acadouna durante a Restauración, na que dende unha postura crítica foi un dos seus principais personaxes. ¿Cal é a cerna básica da ideoloxía de Montero Ríos durante a Restauración? As autoras definen axeitadamente a Montero como «un dos maiores artífices do desenvolvemento do catolicismo liberal en España». Montero era fundamentalmente un home de ideoloxía liberal. Católico sincero, era tamén un decidido partidario da liberdade de cultos e da separación Igrexa-Estado. Conxugar liberalismo e catolicismo na época de Montero non era tarefa fácil. Montero, por outro lado, non entendía a cuestión rexional e mesmo chega a rexeita-lo proxecto das mancomunidades de Cataluña, como din as autoras. Sen embargo na última etapa da súa vida habería que matizar algo isto, segundo ten apuntado nalgunha ocasión Villares Paz. Hai que sinalar por último a fidelidade monárquica, nos seus alicerces básicos, de Montero, aínda que con matizacións críticas nalgúns momentos da súa vida.

Non hai que insistir na importancia de recoller estes discursos, para un coñecemento cabal da figura de Montero e mesmo da Restauración. A obra abrangue un total de 41 discursos pronunciados por Montero no Congreso e Senado. As autoras recollen os discursos que consideran máis significativos. Montero interviu en 550 ocasións no Senado e 50 no Congreso aínda que, como se indica no libro, moitas destas intervencións carezan de excesiva importancia e eran aclaracións ou pequenas intervencións por mor dos seus cargos (presidente do Senado en cinco ocasións, presidente do Consello de ministros na segunda metade de 1905, etc.).

As fontes empregadas no libro son fundamentalmente os diarios de sesións do Congreso e do Senado, a prensa da época e a bibliografía sobre Montero Ríos. Os discursos son presentados por orde cronolóxica aínda que son estudiados por orde temática.

Os discursos están divididos en dúas partes. Na primeira aparecen os te-

mas referentes á xustiza, á administración local e á elección e á promoción dos cargos públicos e académicos. Na segunda parte aparecen as referencias ás obras públicas e ó ferrocarril, os discursos sobre a Igrexa na Restauración, os discursos sobre os debates de contestación á mensaxe da Coroa, os enfrontamentos con Romero Robledo e a ratificación do Tratado de París (constatación oficial da perda das colonias) no que Montero desenvolve un importante papel e que marca segundo as autoras un antes e un despois na súa traxectoria política e persoal.

A obra estudiada dáno-la oportunidade de coñecer mellor este importante personaxe da política do sexenio e da Restauración. Constituirá, sen dúbida, un paso necesario para calquera estudio que se afronte sobre a figura de don Eugenio Montero Ríos. 

José Luís Mínguez Goyanes